

## **SR. CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES / DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS**

A estratexia de deixar pasar o tempo sen dar solucións, adiar unha e outra vez os compromisos de convocatoria da CTEPC, convocatorias que non serven absolutamente para nada, etc. están a provocar unha situación de enfado e desesperación nas persoas traballadoras do ensino concertado que nos obriga a convocar novas mobilizacións, mobilizacións que serán continuas ata que esa Consellería, e, en particular a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, deixen de ningunearnos por medio de imaxinarias convocatorias que nunca se chegan a producir ou que, cando se producen están carentes de contido e/ou propostas que poidan paliar dalgún xeito a situación de profundo abandono das persoas traballadoras do ensino concertado.

As organizacións abaixo asinantes solicitan solucións inmediatas para:

**Acordo Mantemento de Emprego** (non temos AME desde setembro do ano 2009). Este acordo resulta un elemento imprescindible para as persoas traballadoras debido a extinción de unidades concertadas, o que provoca a perda dunha gran cantidade de postos de traballo, consideramos que este acordo non é un asunto que supoña un incremento significativo no gasto, polo que entendemos que é máis unha decisión política que económica.

**Suspensión en 2010, da cláusula terceira do Acordo** Plurianual 2008-09-10 de 24 de abril do ano 2008 sobre as condicións laborais e de calidade do ensino, quedando pendente unha revalorización do 2% do Complemento Retributivo Autonómico e 45€ por xornada completa. Este acordo foi asinado co Bipartito, aprobado en Consello da Xunta e publicado no DOG o 30 de maio de 2008. Lembrámoslle que na disposición adicional décimo segunda dos orzamentos da Xunta de Galicia di: "No ámbito do ensino privado concertado mantense a suspensión do Acordo do 24 de abril de 2008 polo que se autoriza o asinamento do acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as organizacións patronais e as organizacións sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia sobre condicións laborais e a calidade do ensino, publicado mediante a Resolución do 15 de maio de 2008, no relativo ao establecido na súa cláusula terceira sobre o incremento interanual do dous por cento no complemento retributivo da Comunidade Autónoma e o incremento de corenta e cinco euros brutos mensuais para todo o profesorado en pagamento delegado e xornada completa."

**Recorte do 5% no salario en 2011 vía Lei de Orzamentos** que se consolidou nas nóminas das traballadoras e traballadores do ensino concertado afectando á súa base de cotización.

**Posterior recorte do 4,5% en 2012** que tamén se consolidou rebaixando as bases de cotización cando o RD 20/2012 recollía claramente que non podía afectar a ditas bases. Non é o mesmo quitar unha paga extra que facer unha rebaixa do salario con efectos retroactivos consolidándose en nómina afectando á base de cotización do/a traballador/a.

**Posterior recorte do Complemento Retributivo Autonómico en 2013.**

**A PEA, Paga Extraordinaria de Antigüidade de 25 anos** na empresa non é aboada desde o derradeiro acordo en novembro de 2010, Lembrámoslle que no artigo 55, punto dous, parágrafo terceiro dos Orzamentos da Xunta de Galicia aparece o mesmo texto que se ven repetindo desde o ano 2012: *"No ano 2023 a Administración autonómica tampouco subscribirá acordos nin ditará instrucións ou resolucións para o aboamento da paga extraordinaria por antigüidade na empresa prevista no convenio colectivo de empresas do ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos."*

**A Consellería só paga dous complementos de cargo**, a dirección e a xefatura de estudos, incumprindo a súa propia lexislación porque non aboa o complemento por ser coordinador do equipo de dinamización lingüística, dereito económico recollido no RD 79/2010 do Plurilingüismo tanto para os traballadores/as do ensino público como para as persoas traballadoras do ensino concertado.

**A xubilación parcial.** Non somos quen de comprender os motivos que levaron a esta consellería a tomar unha decisión unilateral e ditar unha instrución na que se negaba a aceptar calquera contrato de remuda, indispensable para acceder a esta forma de xubilación, legal e perfectamente regulada.

**Ata aquí reivindicacións de restitución de dereitos perdidos. Só estamos a reclamar o que xa era noso e que foi substraído de forma unilateral por esa Consellería.**

**E dúas peticións novas e non por iso menos importantes:**

**Pago delegado para o PAS.** Entendemos que é necesario para a estabilización salarial e laboral de todo o persoal que realiza unhas funcións sen as que non podería existir nin desenvolverse o traballo docente.

**Redución de rateos, diminuindo o alumnado máximo por aula.**

